

EPAPU "Eduardo Pondal".

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA.

Profesor: Juan Manuel Fernández Torres

Guía breve da materia de Filosofía de 1º curso de Bacharelato Semipresencial.

(Esta guía é orientativa. Aconséllase falar co profesor polos posibles cambios que poida ter na dinámica do curso)

A presente guía pretende ser un instrumento para facilitar ao alumno o percorrido pola materia, de modo que poida seguila para acadar un resultado positivo. Pode que sexa preciso facer algunha modificación nela ao longo do curso, tendo en conta a heteroxeneidade e o ritmo do noso alumnado.

1. METODOLOXÍA

É moi importante a asistencia a clase regularmente, xa que facilita avanzar e comprender mellor os contidos. Ademais o alumno debe traballar pola súa conta 2-3 horas semanais (ou aquelas que sexan imprescindibles) para aplicar e reforzar os coñecementos adquiridos.

O alumnado poderá resolver dúbidas nas titorías de orientación


2. MATERIAIS E RECURSOS

Libro de filosofía:

FILOSOFÍA 1º BACHARELATO. ED. ANAYA.

SANCHEZ MECA, DIEGO, MATEU ALONSO, JUAN DAVID

ISBN 978-84-143-1160-8 / 9788414311608



FILOSOFÍA 1.
978-84-143-1156-1

O profesor colgará; coa antelación suficiente, na Aula Virtual, apuntes-resúmenes de cada Unidade Didáctica.

3. TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓN:

CONTIDOS

PRIMEIRA AVALIACIÓN – BLOQUE I A FILOSOFÍA E O SER HUMANO

UNIDADE 1: Que é a filosofía?

- A que chamamos filosofía?
- Características do saber filosófico.
- Evolución da filosofía.

UNIDADE 2: Para que serve a filosofía?

- A filosofía na actualidade.
- A filosofía, os seres humanos e o mundo.

UNIDADE 3: A orixe e a natureza do ser humano:

- A orixe do ser humano.
- O ser humano e o ser animal.
- Distintas concepcións sobre o ser humano.

UNIDADE 4: O corpo, a mente e a identidade persoal.

- A personalidade humana.
- A psique.
- A sexualidade.
- A identidade persoal.

UNIDADE 5: Dimensións existenciais do ser humano.

- A liberdade.
- A constitución social do ser humano.

- O existencialismo e o ser humano.
- Deus e relixión.

SEGUNDA AVALIACIÓN. BLOQUE II O COÑECEMENTO E A REALIDADE

UNIDADE 6: O COÑECEMENTO E A REALIDADE.

- O coñecemento.
- Coñecemento e sociedade.
- A verdade.

UNIDADE 7: RAZOAMENTO LÓXICO.

- Razoamentos lóxicos.
- Lóxica de enunciados.
- Lóxica informal.

UNIDADE 8: O SABER CIENTÍFICO.

- Saber científico.
- A ciencia.
- A filosofía da ciencia.
- Ciencia e outras formas do saber.

UNIDADE 9. A TECNOCENCIA CONTEMPORÁNEA.

- A técnica.
- A filosofía e a técnica.
- A filosofía da mente e da IA

UNIDADE 10. O PROBLEMA DA REALIDADE E DO SER.

- A metafísica.

- A ontoloxía.
- Problemas metafísicos e ontolóxicos.

TERCEIRA AVALIACIÓN: ACCIÓN E CREACIÓN

UNIDADE 11: ÉTICA PERSOAL

- O ser e o deber ser.
- Tipos de éticas.
- A moral.

UNIDADE 12: ÉTICAS APLICADAS:

- Problemas da ética aplicada.
- Ética e dereitos humanos.
- Problemas éticos actuais.

UNIDADE 13: INDIVIDUO, SOCIEDADE E ESTADO

- O individuo na sociedade.
- O poder e a lexitimidade.
- O estado.

UNIDADE 14. TEORÍAS POLÍTICAS.

- O liberalismo
- As ideoloxías e as súas función - Utopias.

UNIDADE 15. A ESTÉTICA.

- A creación artística.
- A estética e a cultura.
- Problemas da estética.

4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DE APRENDIZAXE

Consideramos que a avaliación debe ser aberta e ter en conta varios aspectos entre os que prevalecen os seguintes:

- 1.- Probas de control do aprendizaxe: ao final da cada avaliación o alumnado deberá realizar unha proba escrita na que se determinará o seu dominio dos contidos.
- 2.- O alumnado que non se presente a algunha das probas de avaliación (serán tres) poderá presentarse a proba final.
- 3.-As probas consistirán en contestar varias cuestións referidas ás unidades obxecto de exame. As cuestións poderán ser sobre textos con preguntas-guía, preguntas-tema para desenvolver os contidos estudados ou preguntas tipo test, onde o alumnado escollerá a opción correcta entre varias posibles.
- 4.- Para aprobar o alumno deberá obter unha cualificación de cinco (5) puntos.
- 5.- Ademais dos coñecementos avaliaranse a ortografía, a redacción, a argumentación e a claridade expositiva.
- 6.- A nota final deducirase da media aritmética dos resultados das avaliacións.
7. O exame final será de recuperación das avaliacións que cada alumno teña pendentes. Formularanse varias preguntas por cada unha das tres avaliacións e o alumno contestará ás que teña que recuperar.
8. Na proba extraordinaria de xuño formularanse varias preguntas do conxunto do temario.

Juan Manuel Frenández Torres
A Coruña 15 de Setembro de 2024